



INT/2020/000093-1

## INFORME DE INTERVENCIÓN

**ASUNTO: Liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2019.**

Trinidad Gómez Reiriz, Interventora no Concello de Vilagarcía de Arousa en cumprimento do previsto no artigo 191, apartado 3, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emite o seguinte

**INFORME:**

### **NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título 6º da Lei 39/88, do 28 de decembro, (Capítulo IV, sección 3ª - "Liquidación dos orzamentos"- artigos 89 a 105).
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, que aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Orde HAP 2105/2012, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012.
- Bases de Execución do Orzamento.

### **CONTIDO DA LIQUIDACIÓN**

De acordo co establecido no artigo 191.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), 93.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril (en adiante R.O.), e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (en adiante ICAL), os orzamentos de cada exercicio se liquidarán en canto á recadación de dereitos e ó pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente e porá de manifesto:

- a) Respecto ao **ORZAMENTO de gastos** e para cada partida orzamentaria:
- Os créditos iniciais.
  - As súas modificacións.
  - Os créditos definitivos.



- Os gastos autorizados.
  - Os gastos comprometidos.
  - As obrigas recoñecidas.
  - Os pagos ordenados, e
  - Os pagos realizados.
- b) Respecto ao **ORZAMENTO de ingresos** e para cada concepto:

- As previsións iniciais.
- As súas modificacións.
- As previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos e anulados, así como os recadados netos

Non obstante, esta referencia a que a liquidación quede constringida exclusivamente ós orzamentos correntes do exercicio, vese ampliada polo establecido no artigo 191.2 do TRLRFL e 93.2 do R.D., na medida en que de ámbalas dúas disposicións se deduce que con ocasión da liquidación dos orzamentos deberá determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería

O presente informe referirase exclusivamente a liquidación do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, sen prexuízo de que se presente como información agregada os estados contables consolidados, sendo a liquidación do seu organismo autónomo, Fundación de Deportes, obxecto de análise independente mediante informe da Intervención delegada, que se achegará o expediente.

## **I. ANÁLISE DAS DISTINTAS MAGNITUDES QUE CONFORMAN A LIQUIDACIÓN.**

### **I.1- Resultado orzamentario:**

Ao nivel normativo, o resultado orzamentario ven regulado nos artigos 96 e 97 R.D.

Neste senso, o artigo 96 do R.D .establece que o resultado orzamentario virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigas orzamentarias recoñecidas durante o mesmo.

A estes efectos, o mencionado precepto do R.D. prevén de que os dereitos liquidados se tomarán polos seus valores netos, isto é, dereitos liquidados durante o exercicio unha vez deducidos aqueles que, por calquera motivo, fosen anulados.



A nivel de capítulo, os estados da liquidación do ORZAMENTO DE INGRESOS do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio económico de 2019, amosa o seguinte detallado:

Cap.	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos Netos	Recadación neta	D. rec ptes cobro
1	10.410.113,02	0,00	10.410.113,02	11.093.060,01	9.459.765,33	1.633.294,68
2	343.487,25	0,00	343.487,25	408.353,03	343.980,23	64.372,80
3	5.801.015,70	0,00	5.801.015,70	6.088.560,72	5.541.155,83	547.404,89
4	10.382.700,63	1.941.741,14	12.324.441,77	11.353.339,52	11.343.389,52	9.950,00
5	9.963,86	17.550,00	27.513,86	26.907,40	18.196,86	8.710,54
<b>Total Op. Corr.</b>	<b>26.947.280,46</b>	<b>1.959.291,14</b>	<b>28.906.571,60</b>	<b>28.970.220,68</b>	<b>26.706.487,77</b>	<b>2.263.732,91</b>
6	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	0,00	5.914.164,95	5.914.164,95	973.981,07	973.981,07	0,00
8	150.000,00	4.950.238,55	5.100.238,55	47.944,00	8.379,18	39.564,82
9	550.000,00	0,00	550.000,00	550.000,00	550.000,00	0,00
<b>Total Op. Capital</b>	<b>700.000,00</b>	<b>10.864.403,50</b>	<b>11.564.403,50</b>	<b>1.571.925,07</b>	<b>1.532.360,25</b>	<b>39.564,82</b>
<b>Total</b>	<b>27.647.280,46</b>	<b>12.823.694,64</b>	<b>40.470.975,10</b>	<b>30.542.145,75</b>	<b>28.238.848,02</b>	<b>2.303.297,73</b>

No tocante ao grao de realización do orzamento de ingresos obtemos a seguinte táboa:

2019		
CAPÍTULO	% DR s/PD	%Rec. s/DR
1	106,56%	85,28%
2	118,88%	84,24%
3	104,96%	91,01%
4	92,12%	99,91%
5	97,80%	67,63%
<b>Total Op. Corr.</b>	<b>100,22%</b>	<b>92,19%</b>
6	0,00%	0,00%
7	16,47%	100,00%
8	0,94%	17,48%
9	100,00%	100,00%
<b>Total Op. Cap.</b>	<b>13,59%</b>	<b>97,48%</b>
<b>Total Orzamento</b>	<b>75,47%</b>	<b>92,46%</b>

Pode observarse que o grao medio de realización de dereitos correntes sitúase no 100%, pola contra, é moito máis baixo nas operacións de capital pero debido a incidencia que ten na súa media as particularidades da execución do capítulo VIII; en efecto o capítulo VIII nos conceptos



87000 (RLT<sup>a</sup>GX) e 87010 (RLT<sup>a</sup>GFA) recibe as modificacións de crédito financiadas con RLT<sup>a</sup> que nunca son obxecto de execución (DR), polos importes modificados en ditos conceptos xa que se trata de ingresos que foron contabilizados no seus respectivos exercicios económicos xa sexa no capítulo 7 ou no capítulo 9 e polo tanto no chegarán a fase DR, (VID desviacións de financiamento).

Polo que respecta o capítulo VII, é onde se contabilizan os ingresos por subvencións de capital, e non sempre presentan unha execución paralela ao gasto.

O grao de execución global de dereitos recoñecidos sobre previsións baixa mantense practicamente idéntico respecto o exercicio anterior, rexistrando unha baixada mínima do – 1,93%.

Tomar como referencia o grao de execución do exercicio anterior na confección de cada orzamento, permite obter unhas previsións de ingresos e unha realización das mesmas progresivamente máis realistas e prudentes para o orzamento do exercicio seguinte co fin de obter unha execución o máis próxima posible o 100%, e nalgúns casos incluso superior; proba da prudencia aplicada é que se ben na liquidación do exercicio 2017 o capítulo 2 presentou unha execución inferior o 30%, e na liquidación do exercicio 2018 chegou ao 79,98%, na liquidación 2019 a porcentaxe de realización supera o 100%, o que evidencia unhas previsións máis realistas.

No tocante ao **grao de recadación, 92,46%** é do moi similar ao do exercicio 2018, (92,70%) debido a continuidade nas medidas de reforzo implementados pola Tesourería municipal na recadación executiva, non obstante neste ámbito non se aprecia mellora ata o punto de que os dereitos pendentes de cobro de pechados non paren de aumentar.

Pola súa banda, as **obrigas recoñecidas** haberanse de tomar polos seus valores netos, isto é, obrigas recoñecidas durante o exercicio unha vez deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas.

**Ao nivel de capítulo, a liquidación do ORZAMENTO DE GASTOS do exercicio orzamentario de 2019 presenta o seguinte detallado:**

Cap.	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas Netas	Pagos realizados netos	Órdenes de pago ptes
1	11.007.362,55	1.229.519,29	12.236.881,84	11.276.350,18	11.276.110,18	240,00
2	11.042.070,84	629.681,76	11.671.752,60	10.286.616,82	9.298.595,29	988.021,53
3	32.000,00	825,58	32.825,58	16.236,81	16.236,81	0,00
4	2.843.622,76	115.358,46	2.958.981,22	2.596.510,11	1.851.981,88	744.528,23
5	124.637,47	-94.071,52	30.565,95	0,00	0,00	0,00
<b>Total Op. Corr.</b>	<b>25.049.693,62</b>	<b>1.881.313,57</b>	<b>26.931.007,19</b>	<b>24.175.713,92</b>	<b>22.442.924,16</b>	<b>1.732.789,76</b>
6	834.407,13	9.892.645,78	10.727.052,91	3.068.397,09	2.839.795,29	228.601,80
7	129.500,00	488.048,47	617.548,47	105.408,54	58.719,59	46.688,95
8	150.000,00	0,00	150.000,00	47.944,00	43.944,00	4.000,00
9	1.483.679,71	561.686,82	2.045.366,53	2.001.740,35	2.001.740,35	0,00
<b>Total Op. Capital</b>	<b>2.597.586,84</b>	<b>10.942.381,07</b>	<b>13.539.967,91</b>	<b>5.223.489,98</b>	<b>4.944.199,23</b>	<b>279.290,75</b>
<b>Total</b>	<b>27.647.280,46</b>	<b>12.823.694,64</b>	<b>40.470.975,10</b>	<b>29.399.203,90</b>	<b>27.387.123,39</b>	<b>2.012.080,51</b>



Respecto ao grao de execución do orzamento de gastos, obtemos a seguinte táboa:

2019		
CAPÍTULO	%OR s/CD	%Pagos/OR
1	92,15%	100,00%
2	88,13%	90,40%
3	49,46%	100,00%
4	87,75%	71,33%
5	0,00%	0,00%
<b>Total Op. Corr.</b>	<b>89,77%</b>	<b>92,83%</b>
6	28,60%	92,55%
7	17,07%	55,71%
8	31,96%	91,66%
9	97,87%	100,00%
<b>Total Op. Cap.</b>	<b>38,58%</b>	<b>94,65%</b>
<b>Total Orzamento</b>	<b>72,64%</b>	<b>93,16%</b>

Podemos observar cómo o orzamento corrente tivo un grao de execución do 89,77%, e as operacións de capital do 38,58%, o que nos da unha porcentaxe total de execución do 72,64%, un 1,29% menos que no exercicio 2018.

No caso dos capítulos por operacións correntes as variacións inda que á baixa, son insignificantes, (unha media de – 1,35%), pero nos capítulos 6 e 7 por operacións de capital aumenta a porcentaxe de execución nunha media de 3,30%, o que pon de manifesto unha pequena mellora nas ratios de tramitación de investimentos e expedientes relativos á transferencias de capital.

A nivel de **programa de gasto**, a execución do orzamento foi a seguinte:

P.G.	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos Definitivos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos realizados netos	Órdenes de pago ptes
0	1.513.679,71	561.686,82	2.075.366,53	2.015.151,58	2.015.151,58	0,00
1	10.502.221,95	5.955.672,44	16.457.894,39	11.239.434,09	10.548.140,93	691.293,16
2	4.147.289,71	1.718.059,35	5.865.349,06	4.419.484,23	4.023.995,01	395.489,22
3	5.527.050,88	2.175.864,27	7.702.915,15	6.167.376,47	5.650.906,82	516.469,65
4	1.444.695,80	2.375.672,69	3.820.368,49	1.605.789,49	1.409.731,89	196.057,60
9	4.512.342,41	36.739,07	4.549.081,48	3.951.968,04	3.739.197,16	212.770,88
<b>Total</b>	<b>27.647.280,46</b>	<b>12.823.694,64</b>	<b>40.470.975,10</b>	<b>29.399.203,90</b>	<b>27.387.123,39</b>	<b>2.012.080,51</b>

Por conseguinte, e de acordo cós estados de execución expostos anteriormente, no 2019 teremos un resultado orzamentario **POSITIVO de 1.142.941,85€**, o que supón que os dereitos recoñecidos netos **SI** superaron ás obrigas recoñecidas netas en dito importe, manténdose practicamente idéntico ao 2018, cun lixeiro descenso, o cal **atopa a súa xustificación na aumento das obrigas recoñecidas nos capítulos 1, 2 e 6 de gastos.**

**Non obstante, sobre o resultado orzamentario operan unha serie de axustes que explicamos a continuación**



Así, o artigo 97 do R.D., establece que o resultado orzamentario calculado na forma exposta debe ser obxecto de axuste en función de:

- As desviacións de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.
- As obrigas recoñecidas que fosen financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais.

### **1) Desviacións de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.**

As desviacións de financiamento neste tipo de gastos obtéñense comparando os ingresos efectivamente realizados, dos afectados a cada gasto concreto, coa contía dos mesmos que, en función do gasto realizado ata a liquidación do orzamento de que se trate, debería terse obtido.

Os ingresos efectivamente realizados, dos afectados a cada gasto concreto, están constituídos pola totalidade dos dereitos recoñecidos netos no exercicio económico de 2019 e referidos a 31 de decembro do proxecto de investimento en concreto.

Pola súa banda o gasto total a realizar virá dado polas obrigas recoñecidas netas a 31 de decembro do proxecto en cuestión.

As **desviacións de financiamento** imputables ao exercicio que, de acordo co establecido na regra 29 da ICAL, terán que axustar o resultado orzamentario, se obterán tomando en consideración o coeficiente de financiamento parcial por axente financiador e o importe das obrigas e dos dereitos recoñecidos relativos ao axente de que se trate, referidos unhas e outras ao exercicio orzamentario.

**Dos estados da liquidación dos orzamentos para o exercicio 2019 conclúese que as desviacións de financiamento imputables ao exercicio son as que se recollen no estado de gastos con financiamento afectado correspondéndose cos proxectos de gasto con financiamento vixentes no 2019.**

As desviacións de financiamento positivas imputables AO EXERCICIO ascenden á contía de **1.626.021,82€**, polo que debe diminuírse o resultado orzamentario anteriormente calculado en esta contía, e as negativas ascenden á contía de **- 2.571.774,32€**, polo que debe aumentarse o resultado orzamentario por dito importe, todo isto de conformidade co disposto na regra 29, da ICAL. A desviación de financiamento é a magnitude que representa os desfases existentes entre os ingresos orzamentarios recoñecidos ata un determinado momento, para a realización dun gasto con financiamento afectado e os que, en función da parte do mesmo efectuada nese período, deberían terse recoñecido, se a execución dos ingresos afectados se realizase armonicamente coa do gasto orzamentario.

### **2) Créditos gastos correspondentes a modificacións orzamentarias que fosen financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais:**

Só se deben ter en conta a parte das modificacións realizadas que chegasen á fase de obriga recoñecida. Isto é así debido a que, como xa dixemos, o resultado orzamentario é a diferenza entre os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas. O axuste faise necesario debido a que polo concepto 870 (remanente de tesourería) non se recoñece dereito ningún.



No caso que nos ocupa DOS DATOS OBRANTES EN CONTABILIDADE constan obrigas recoñecidas con cargo a RLT<sup>a</sup>GX por importe de **1.144.473,54€**, co seguinte desglose:

RECURSO DE FINANCIACION	IMPORTE
SUPERAVIT 2018	561.686,82
SUPERAVIT 2017	582.786,72
<b>TOTAL</b>	<b>1.144.473,54</b>

No capítulo 9 de gastos por importe de 561.686,82€ como consecuencia da aplicación do artigo 32 da LO 2 /2012 de EOSF, onde se recolle a obriga daquelas entidades que obtiveran superávit e RLTGX positivo na liquidación do exercicio precedente de destinalo a reducir o nivel de endebedamento neto.

No capítulo 6 de gastos por importe de 582.786,72€ como consecuencia da aplicación conxunta do artigo 32 e das excepcións previstas na DA 6º da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que permite destinar parte do Superávit a Inversións financeiramente Sostibles.

En definitiva, pois, o **resultado orzamentario axustado** que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2019 é o seguinte:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
<b>a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras</b>	<b>29.944.201,75</b>
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	28.970.220,68
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	973.981,07
<b>b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros</b>	<b>47.944,00</b>
<b>c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros</b>	<b>550.000,00</b>
<b>Total dereitos recoñecidos</b>	<b>30.542.145,75</b>
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
<b>a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras</b>	<b>27.349.519,55</b>
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	24.175.713,92
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	3.173.805,63
<b>b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros</b>	<b>47.944,00</b>
<b>c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros</b>	<b>2.001.740,35</b>
<b>Total obrigas recoñecidas</b>	<b>29.399.203,90</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES</b>	<b>1.142.941,85</b>
<b>AXUSTES</b>	



(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.144.473,54
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	2.571.774,32
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.626.021,82
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>	<b>3.233.167,89</b>

O **resultado orzamentario axustado** que se desprende dos datos obtidos da liquidación dos orzamentos municipais é **positivo** por importe de **3.233.167,89€**, polo que pode observarse que unha vez axustado, o resultado orzamentario mantén o signo positivo, incrementándose respecto o obtido na liquidación 2018 nun 50% debido ao notable descenso das Df positivas, isto é dereitos recoñecidos para proxectos con financiamento afectado que non tiveron a correlativa execución no estado de gastos, o que tamén explica o incumprimento da taxa da Regra de Gasto.

### I.2.- Remanentes de crédito

As operacións de liquidación dos orzamentos, documentadas nos modelos do Estado de liquidación do ORZAMENTO, amosan respecto do orzamento de gastos, os correspondentes remanentes de crédito, constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas (art. 175 TRLRFL, art. 98 R.D e regras 16 a 20 da ICAL). Os remanentes de crédito do exercicio ascenden a un total de **11.071.771,20€**.

### I.3.- Remanente de Tesourería

Esta magnitude ven regulada nos artigos 191.2 TLRFL, 101 a 104 do R.D., pero xa non constitúe unha área de especial transcendencia da ICAL.

Os citados preceptos dispoñen que o remanente de tesourería da entidade local estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio 2019.

#### **α) Fondos líquidos de tesourería ó fin do exercicio.**

Están constituídos polos saldos que presenten as seguintes contas do subgrupo 57 “tesourería”:

- 570 “Caixa operativa”
- 571 “Bancos e institucións de crédito. Contas operativas”
- 573 “Bancos e institucións de crédito. Contas restrinxidas de recadación”
- 574.1 “Caixa fixa”
- 575.1 “Contas restrinxidas de anticipos de caixa fixa”
- 575.9 “Outras contas restrinxidas de pagos”
- 577 “Bancos e institucións de crédito. Contas financeiras”
- 578 “Movementos internos de tesourería”

Aos efectos do cálculo do remanente de tesourería, tamén terán a consideración de fondos líquidos os investimentos temporais nos que se materializasen os excedentes temporais de tesourería, sempre que teñen o carácter de non orzamentario e reúnan as condicións de liquidez e seguridade esixidas pola Lei. O seu importe virá dado pola parte que corresponda do saldo da contas nos que os ditos excedentes temporais de tesourería se teñan materializado.





Na data da liquidación dos orzamentos municipais, á contía dos **fondos líquidos** ascende a **5.268.322,33€**, moi similar á do exercicio 2018.

**β) Dereitos pendentes de cobro ó fin do exercicio.**

Tales dereitos pendentes de cobro comprenden:

- **Dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio pendentes de cobro.** Están recollidos no saldo debedor da conta 430 “Debedores por dereitos recoñecidos, ORZAMENTO corrente”, e a través das súas divisionarias que distinguen en función da súa forma de exacción entre:

430.0 “De liquidacións de contraído previo, ingreso directo”.

430.1 “De liquidacións autoliquidadas”.

430.2 “De ingresos sen contraído previo”.

430.3 “De liquidacións de contraído previo, ingreso por recibo”.

Do exame dos estados da liquidación do ORZAMENTO DE INGRESOS, e ao nivel de capítulo, se deduce que os dereitos orzamentarios liquidados no exercicio corrente e pendentes de cobro a 31 de decembro de 2019 ascenden ás contías seguintes:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. COBRO A 31/12/19
1	Impostos directos	1.633.294,68
2	Impostos indirectos	64.372,80
3	Taxas e outros ingresos	547.404,89
4	Transferencias correntes	9.950,00
5	Ingresos patrimoniais	8.710,54
6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	39.564,82
	<b>TOTAL</b>	<b>2.303.297,73</b>

Xa se puxo de manifesto en apartados anteriores, ao analizar o grao da recadación con respecto aos dereitos recoñecidos, que chega a recadarse un **92,46%** dos dereitos que se recoñecen.

- **Dereitos orzamentarios liquidados en exercicios anteriores pendentes de cobro:**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. COBRO A 31/12/19
1	Impostos directos	7.181.784,72
2	Impostos indirectos	308.985,50
3	Taxas e outros ingresos	2.868.224,72
4	Transferencias correntes	8.740,00
5	Ingresos patrimoniais	43.671,43
6	Alleamento de inversións	0,00
7	Transferencias de capital	0,00



8	Activos financeiros	64.527,70
9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>10.475.934,07</b>

Están recollidos no saldo debedor da conta 431 “Debedores por dereitos recoñecidos, orzamentos pechados”, entendida esta como agregación dos saldos correspondentes das súas divisionarias. O saldo de dereitos contraídos na agrupación contable de orzamentos pechados amosa o resultado de **10.475.934,07 euros**; aumenta con respecto ao exercicio 2018 principalmente como consecuencia de que pese a impulsar a vía executiva non se ten inda acadado a execución esperada, **se trata dun ámbito no que deben seguir reforzándose as medidas, sen obviar o feito que parte destes dereitos estarían prescritos.**

- **Saldo de contas de debedores non orzamentarios.**

Corresponde ao importe dos dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que, de acordo coa normativa vixente, non son orzamentarios e tampouco o serán no momento do seu vencemento.

Os saldos das contas de debedores non orzamentarios referidos á data da liquidación do orzamento municipal para o exercicio económico de 2019 totaliza 15.238,53; mantense idéntico con respecto ao exercicio anterior (**15.238,53€**).

- **Ingresos pendentes de aplicación definitiva.**

Se ó finalizar o exercicio existisen cantidades cobradas pendentes de aplicar, as ditas cantidades deben minorar o importe dos dereitos pendentes de cobros, calculándose a dita contía como polo importe do saldo das contas 554 “Cobros pendentes de aplicación” e 559 “Outras partidas pendentes de aplicación”.

Non obstante, cando entre os cobros pendentes de aplicación se encontren cantidades que correspondan a recursos por conta doutros entes e estas se podan determinar, non se deducirá por estas contías o importe dos dereitos pendentes de cobro senón que se incrementará o de obrigas pendentes de pago.

Do Balance de comprobación de sumas e saldos se deduce que o saldo final dos ingresos pendentes de aplicación definitiva ascende á contía de **852,820,48€**.

**χ) Obrigas pendentes de pago a fin de exercicio**

De acordo co previsto no artigo 101 R.D, as obrigas pendentes de pago comprenden:

- 1- As obrigas orzamentarias pendentes de pago recoñecidas no exercicio.
- 2- As obrigas orzamentarias pendentes de pago recoñecidas en exercicios anteriores.
- 3- Os saldos das contas de acredores non orzamentarios.

- **Obrigas pendentes de pago correspondentes ó ORZAMENTO de gastos do exercicio corrente:**

O importe das mesmas obtense do saldo da conta 400 “Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamento de gastos corrente”



Do exame da liquidación dos orzamentos de gastos e a nivel de capítulo se deduce que as obrigas recoñecidas e liquidadas no exercicio e pendentes de pago a 31 de decembro de 2019 ascenden ás seguintes contías:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. PAGO A 31/12/19
1	Gastos de persoal	240,00
2	Compra de bens correntes e servizos	988.021,53
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	744.528,23
6	Investimentos reais	228.601,80
7	Transferencias de capital	46.688,95
8	Activos financeiros	4.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>2.012.080,51</b>

Este saldo minórase lixeiramente respecto ao exercicio 2018, o que pon de manifesto unha mellora na tramitación dos expedientes de gasto.

- **Obrigas pendentes de pago correspondentes a orzamentos de gastos de exercicios anteriores:**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. PAGO A 31/12/19
1	Gastos de persoal	44,24
2	Compra de bens correntes e servizos	71.418,46
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	363,85
6	Investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>71.826,55</b>

O importe das mesmas obtense do saldo da conta 401 “Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamentos de gastos pechados”.

Dos estados da liquidación dos orzamentos municipais para o ano 2019 se deduce que o pendente de pago na agrupación de orzamentos pechados é o seguinte: **71.826,55€**, o cal ao igual que no exercicio 2018 se corresponde principalmente co importe das obrigas recoñecidas por xuros de demora no reintegro do préstamo Luz Salgada (**67.190,71€**), **máis certos expedientes do capítulo 1, 2 e 4 de gastos nos que o pago pola Tesourería municipal resulta materialmente imposible estando a esperas de que poida operar o instituto da prescrición.**

- **Saldo das contas de acredores non orzamentarios:**

Os saldos das contas de acredores non orzamentarios referidos á data da liquidación do orzamento municipal para o exercicio económico de 2019 ascenden a **1.212.748,48€** aumenta escasamente con respecto ao exercicio 2018, ( **1.177.192,59 €**).



- **Pagos pendientes de aplicación definitiva.**

Se ao finalizar o exercicio existisen pagos pendentes de aplicación definitiva ou pagamentos realizados con cargo aos anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación, as obrigas pendentes de pago deben minorarse polo importe de aqueles. Os ditos importes veñen dados, respectivamente, polo saldo da conta 555 “Pagos pendentes de aplicación” e o da conta 558.1 “Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación”. Os pagos pendentes de aplicación ascenden á contía de **13.682,05€**.

Por conseguinte, tendo en conta o anterior podemos proceder a calcular o **Remanente de Tesourería total** da seguinte forma:

1- Fondos líquidos	5.268.322,33
2-Dereitos pendentes de cobro	11.941.649,85
3- Obrigas pendentes de pago	3.282.973,49
<b>4- Remanente de tesourería total (1+2-3+4)</b>	<b>13.926.998,69</b>

Finalmente o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais determinarase minorando este no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio, se consideren de imposible ou difícil recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

- **Dereitos de difícil ou imposible recadación:**

Os artigos 191.2 TRLRFL., 103 do R.D. e a regra 83.4 da ICAL regulan o tratamento dos dereitos de imposible ou difícil recadación.

En efecto, o remanente de tesourería se cuantificará deducidos, de se lo caso, os dereitos que se consideren de difícil ou imposible recadación.

Na base 40ª das BEO 2019, recóllense as porcentaxes aplicables nesta Entidade para o cálculo do dubidoso cobro, que coinciden coas porcentaxes recollidas na Lei 27/2013:

*“ Para o cálculo dos saldos de Dubidoso Cobro do Estado de Remanente de Tesourería, teranse en conta as seguintes porcentaxes recollidas na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local:*

- Ano N-1: 25%*
- Ano N-2: 25%*
- Ano N-3: 50%*
- Ano N-4: 75%*
- Ano N-5: 75%*
- Ano N-6 e anteriores: 100 %*

*Todo elo, sen prexuízo de que as especiais características do dereito, ou do debedor, xustifiquen outro criterio, o que requirirá previo informe motivado da Sra Tesoureira municipal. (...)*”



En consecuencia, o importe de ditos dereitos virá dado pola parte do saldo da conta 490 “Provisión para insolvencias”, que corresponda a dereitos, de carácter orzamentario ou non, incluídos no cálculo do remanente de tesourería., e tras aplicarlle a dito saldo as porcentaxes da Lei 27/2013, no exercicio económico que se liquida (2019), o saldo da dita conta, saldos de dubidoso cobro, ascende a **7.513.969,07 €**.

Lembrar que a consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa baixa en contas.

- **Exceso de financiamento afectado producido**

O apartado 2 do artigo 172 da LRFL establece que a cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados.

En relación con isto, o artigo 102 do R.D. 500/90 dispón que nos supostos de gastos con financiamento afectado nos que os dereitos afectados recoñecidos superen ás obrigas por aqueles afectados, o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais da entidade deberá minorarse no exceso de financiamento producido.

A tenor do apartado 2 deste mesmo precepto, o citado exceso poderá financiar a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes ós gastos con financiamento afectado aos que fan referencia e, de se-lo caso, as obrigas devedidas a causa da renuncia ou imposibilidade de realizar total ou parcialmente o gasto proxectado.

Por conseguinte, e a tenor do exposto, podemos distinguir dúas partes no remanente de tesourería total:

**1- Remanente de tesourería afectado a gastos con financiamento afectado.**

**2- Remanente de tesourería para gastos xerais.**

**1- Remanente de tesourería afectado a gastos con financiamento afectado.**

É a parte do remanente de tesourería total que se pode utilizar para o financiamento de incorporacións de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiamento afectado.

O remanente de tesourería afectado, que de existir é sempre positivo, está constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas acumuladas que, nestes gastos e por cada axente financiador, se produzan ao remate do exercicio.

A desviación de financiamento, de acordo coa regra 29 da ICAL, é a magnitude que representa o desfase existente entre os ingresos orzamentarios recoñecidos durante un determinado período, para a realización dun gasto con financiamento afectado e os que, en función da parte do mesmo efectuada nese mesmo período, deberían terse recoñecido, se a execución dos ingresos afectados se realizase harmonicamente coa do gasto orzamentario.

As desviacións de financiamento, para cada gasto con financiamento afectado, calcularanse por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos polos ingresos afectados e o produto do coeficiente de financiamento polo total de obrigas recoñecidas netas, referidos uns e outros ao período considerado. As desviacións de financiamento acumuladas calcularanse desde o inicio na execución do gasto até o final do exercicio considerado.



Da liquidación dos orzamentos municipais dedúcese que as desviacións de financiamento positivas acumuladas e, polo tanto, remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado, ascenden a un total de 3.172.343,89 euros.

## 2- Remanente de tesourería para gastos xerais.

O remanente de tesourería para gastos xerais, isto é, a parte do remanente de tesourería que pode ser utilizada como recurso para o financiamento de modificacións de crédito nos orzamentos do exercicio seguinte de acordo coa normativa vixente, se determina pola diferenza entre o remanente de tesourería total e a suma dos dereitos de difícil ou imposible recadación e o exceso de financiamento afectado producido.

En definitiva, a modo de resume, o remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2019 desagregase do seguinte xeito:

<b>1. Fondos líquidos</b>	<b>5.268.322,33</b>
<b>2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)</b>	<b>11.941.649,85</b>
2.a. Do orzamento corrente	2.303.297,73
2.b. De orzamentos pechado	10.475.934,07
2.c. De operacións non orzamentarias	15.238,53
2.d. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	852.820,48
<b>3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)</b>	<b>3.282.973,49</b>
3.a. Do orzamento corrente	2.012.080,51
3.b. De orzamentos pechados	71.826,55
3.c. De operacións non orzamentarias	1.212.748,48
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	13.682,05
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b>	<b>13.926.998,69</b>
<b>II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</b>	<b>7.513.969,07</b>
<b>III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO</b>	<b>3.172.343,89</b>
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>	<b>3.240.685,73</b>

Debe advertirse por esta Intervención que o Ministerio de Facenda, a través da plataforma da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas EE.LL para a remisión da liquidación, a maiores, subtrae do importe resultante con arreglo ás regras expostas, os seguintes importes e polos seguintes conceptos:

V. SALDO DE OBRIGAS PDTE.APLICAR	518.044,10
VI. SALDO OBRIGAS POR DII	7.082,42



VII TRLGX AXUSTADO (IV-V-VI)	2.715.559,21
------------------------------	--------------

